

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0342	Promoción da autonomía personal	2018/2019	7	213	213

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	COMBA CAMPOI GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo de Técnico Superior en Integración Social aparece regulado polo Decreto 73/2016, do 28 de abril, no que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social.

A competencia xeral do título de técnico superior en Integración Social consiste en programar, organizar, pór en práctica e avaliar as intervencións de integración social aplicando estratexias e técnicas específicas, promovendo a igualdade de oportunidades, con actitude de respecto cara ás persoas destinatarias e garantindo a creación de ámbitos seguros, tanto para profesionais como para as persoas destinatarias.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade profesional ou voluntaria no sector dos servizos ás persoas (de tipo asistencial, educativo, de apoio na xestión doméstica e psicosocial) e no de servizos á comunidade (atención psicosocial a colectivos e persoas en desvantaxe social, mediación comunitaria, inserción ocupacional e laboral, promoción de igualdade de oportunidades e defensa dos dereitos das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e as súas fillas).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a de programas de prevención e inserción social.
- Educador/ora de equipos residenciais de diverso tipo.
- Educador/ora de persoas con discapacidade.
- Traballador/ora familiar.
- Educador/ora de educación familiar.
- Auxiliar de tutela.
- Monitor/ora de centros abertos.
- Técnico/a de integración social.
- Especialista de apoio educativo.
- Educador/ora de educación especial.
- Técnico/a educador/a.
- Técnico/a especialista I (de integración social).
- Técnico/a especialista II (educativo).
- Monitor/ora de persoas con discapacidade.
- Técnico/a de mobilidade básica.
- Técnico/a de inserción ocupacional.
- Mediador/ora ocupacional e/ou laboral.
- Dinamizador/ora ocupacional e/ou laboral.
- Educador/ora de base.
- Mediador/ora comunitario/a.
- Mediador/ora intercultural.
- Mediador/ora veciñal e comunitario/a.
- Preparador/ora laboral.
- Técnico/a de emprego con apoio.
- Técnico/a de acompañamento laboral.
- Monitor/ora de rehabilitación psicosocial.

Podemos valorar con estes datos como na localización do Título de Técnico/a Superior en Integración Social na cidade de Santiago de Compostela as administracións educativas tiveron en conta as seguintes consideracións:



- a) A empregabilidade do título de técnico superior en Integración Social, avalada polo amplo número de ocupacións en que desenvolve a súa actividade, no sector dos servizos persoais e á comunidade.
- b) A incorporación de actividades profesionais xeradas en novos sectores, como a mediación comunitaria e a inserción laboral de persoas con discapacidade e de persoas en risco de exclusión social, das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e as súas fillas, que aumentarán considerablemente as posibilidades de inserción laboral das persoas con esta titulación.
- c) As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o avellentamento da poboación, que fan previsible unha alta inserción laboral e a tendencia a un crecemento estable.

Cunha duración de 213 horas, o módulo profesional de Promoción da Autonomía Persoal facilitaralle ao alumnado a formación necesaria para desempeñar as funcións de planificación, execución e avaliación das intervencións con persoas en situación de dependencia no adestramento de habilidades.

A función de planificación abrangue aspectos como a detección de necesidades e a programación.

A función de execución abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización da planificación.
- Desenvolvemento da actividade.
- Aplicación de estratexias.
- Elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

A función de avaliación refírese ao control e ao seguimento do proceso.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no sector dos servizos sociais, en programas que impliquen adestramento de habilidades de autonomía persoal e social.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), d), f) h), i), j), ñ), o), q) r), t), u), v) e w) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), d), f), h), i), j), ñ), o), q), s), t) e u).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo mediante actividades han versar sobre:

- Deseño de programas e actividades de intervención para a adquisición e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social.
- Planificación de estratexias, actividades e recursos para a intervención na adquisición e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social.
- Desenvolvemento de actividades para a intervención na adquisición e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social, e de inserción laboral.
- Avaliación do proceso de intervención.

Seguiranse sempre as seguintes liñas de acción:

- Traballo en equipo.
- Creatividade.
- Aplicación de criterios que permitan a eficacia e a mellora da calidade no servizo.
- Autoavaliación do traballo realizado.

A superación deste módulo permite ao alumnado a acreditación das seguintes unidades de competencia:

UC0253\_3: desenvolver as intervencións dirixidas ao adestramento e á adquisición de habilidades de autonomía persoal e social.

UC1449\_3: organizar e realizar o acompañamento de persoas con discapacidade na realización de actividades programadas.

UC1451\_3: organizar e desenvolver o adestramento en estratexias cognitivas básicas e alfabetización tecnolóxica para persoas con discapacidade, en colaboración con profesionais de nivel superior.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Autonomía persoal e social	Nesta unidade introdúcense conceptos centrais do módulo e defínense consonte o marco legal vixente: autonomía, dependencia...	28	10
2	Conduta humana e estratexias de adestramento	Esta unidade aborda contidos referidos aos procesos de aprendizaxe e á intervención sobre a conduta segundo os marcos teóricos máis relevantes da Psicoloxía	22	8
3	O adestramento das habilidades da vida diaria	Esta unidade trata os elementos que interen no adestramento en habilidades da vida diaria e que son o pilar da autonomía persoal.	30	12
4	A intervención en orientación e mobilidade	Nesta unidade centrámonos nos elementos que interveñen nun programa de adestramento para mellorar a mobilidade: elementos facilitadores e barreiras, manexo dos produtos de apoio...	36	15
5	Estimulación cognitiva	Esta unidade céntrase nas habilidades intelectuais vinculadas á autonomía persoal, e nas técnicas que permiten a súa estimulación.	35	15
6	O adestramento das habilidades sociais	Nesta unidade trátanse aspectos relacionados co manexo das habilidades sociais imprescindibles para un axeitado axiste social.	32	15
7	Desenvolvemento de programas de adestramento en HAPS	Nesta unidade poñemos en práctica os coñecementos adquiridos en todas as unidades anteriores deseñando programas de adestramento en HAPS referidos a diferentes áreas.	16	15
8	Avaliación de programas de adestramento en HAPS	Esta unidade aborda os elementos do seguimento e avaliación dun programa de adestramento en HAPS.	14	10



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Autonomía persoal e social	28

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora programas de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social, e selecciona as técnicas propias da intervención	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.10 Argumentouse a importancia das habilidades de autonomía persoal e social na vida cotiá das persoas
0 CA1.10.1 Definíronse os conceptos relacionados coas habilidades de autonomía persoal e social.
0 CA1.10.2 Caracterizáronse as diferentes HAPS, identificando os elementos que as coforman.
0 CA1.10.3 Valorouse a importancia das HAPS para unha vida autónoma.
0 CA1.10.4 Recoñeceuse o papel do/da TSIS na promoción de HAPS.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Promoción da autonomía persoal. Autonomía, dependencia e autodeterminación. Habilidades de autonomía persoal e social: concepto e compoñentes. Papel das habilidades de autonomía persoal e social na vida cotiá das persoas. Identificación das carencias e as alteracións máis frecuentes nas habilidades de autonomía persoal e social. Recursos comunitarios para a promoción da autonomía persoal.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Conduta humana e estratexias de adestramento	22

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora programas de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social, e selecciona as técnicas propias da intervención	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Seleccionáronse técnicas de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social en función da situación de intervención
CA1.5.1 Descríbense os procesos xerais de adquisición de habilidades no marco das teorías psicolóxicas da aprendizaxe.
CA1.6 Estableceuse a secuencia das actuacións dirixidas á aprendizaxe e ao mantemento de hábitos de autonomía persoal e social

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Proceso xeral de adquisición de habilidades básicas.
Fundamentos de psicoloxía da aprendizaxe: conceptos e procesos básicos. Modelos condutuais, cognitivos e cognitivo-condutuais.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O adestramento das habilidades da vida diaria	30

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora programas de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social, e selecciona as técnicas propias da intervención	NO
RA2 - Organiza actividades de adquisición de habilidades da vida diaria e describe as fases do proceso de promoción de autonomía	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as fases dun programa de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social
CA1.2 Determináronse os elementos dun programa de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social
CA1.3 Valorouse o estado das persoas usuarias co fin de determinar os obxectivos do programa
CA1.4 Identifícanse estratexias de intervención no adestramento de habilidades de autonomía persoal e social
CA1.4.1 Argumentouse a importancia do modelo de Planificación Centrado na Persoa.
CA1.5 Seleccionáronse técnicas de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social en función da situación de intervención
CA1.5.2 Tivéronse en conta os fundamentos psicolóxicos da intervención sobre a conduta humana na selección das técnicas de adestramento.
CA1.6 Estableceuse a secuencia das actuacións dirixidas á aprendizaxe e ao mantemento de hábitos de autonomía persoal e social
CA1.7 Determináronse os recursos do programa de adestramento en habilidades de autonomía persoal e social
CA1.8 Diseñáronse as adaptacións necesarias no programa de intervención para atender as necesidades individuais das persoas
CA1.9 Establecéronse as pautas de actuación e colaboración co equipo interdisciplinar e a familia
CA2.1 Valorouse o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades
CA2.2 Definíronse situacións de ensino e aprendizaxe de promoción da autonomía nas actividades da vida diaria
CA2.3 Seleccionáronse as técnicas para favorecer a autonomía nas actividades da vida diaria
CA2.4 Seleccionáronse os medios e as axudas técnicas
CA2.5 Estableceuse a secuencia das actividades de promoción de autonomía nas actividades da vida diaria
CA2.6 Establecéronse as adaptacións das axudas técnicas en función das características da persoa
CA2.7 Establecéronse medidas de prevención e seguridade consonte a normativa
CA2.8 Valorouse a necesidade de establecer estratexias de colaboración coa familia



**Criterios de avaliación**

CA2.9 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

**4.3.e) Contidos**

**Contidos**

Programas de adestramento en habilidades de autonomía persoal e social: fases, elementos e recursos. Valoración do estado das persoas usuarias. Secuencia das actividades. Adaptacións individualizadas.

O modelo de planificación centrado na persoa.

Coordinación co equipo interdisciplinar e a familia.

Habilidades da vida diaria: concepto e clasificación.

Programas de adestramento de habilidades da vida diaria: fases, elementos e recursos. Valoración do estado das persoas usuarias. Secuencia de actividades. Adaptación individualizadas.

Situacións de ensino e aprendizaxe de promoción de autonomía nas actividades da vida diaria.

Técnicas de adestramento de habilidades da vida diaria: habilidades de autocoidado e de organización da vida cotiá.

Axudas técnicas para as actividades da vida diaria.

Alfabetización tecnolóxica.

Adaptación do ámbito.

Valoración da importancia de promover ámbitos seguros.





#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A intervención en orientación e mobilidade	36

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza actividades de adquisición de competencias básicas de mobilidade, e describe as fases do proceso	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valórase o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades
CA3.2 Selecciónáronse as técnicas de orientación e mobilidade
CA3.3 Selecciónáronse os medios e as axudas técnicas
CA3.4 Estableceuse a secuencia das actividades de adquisición de competencias básicas de mobilidade
CA3.5 Establecéronse as adaptacións das axudas técnicas en función das características da persoa
CA3.6 Establecéronse medidas de prevención e seguridade consonte a normativa
CA3.7 Valórase a necesidade de controlar as variacións na situación da persoa con respecto á súa mobilidade
CA3.8 Valórase a necesidade de establecer estratexias de colaboración coa familia
CA3.9 <a href="#">Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.</a>

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Orientación e mobilidade: concepto e fundamentos teóricos.
Programas de adestramento de competencias básicas de mobilidade: fases, elementos e recursos. Valoración do estado das persoas usuarias. Secuencia de actividades. Adaptacións individualizadas.
Técnicas de adestramento de competencias básicas de mobilidade: orientación, traslado e mobilización.
Axudas técnicas para a prevención da perda e o mantemento de mobilidade: selección, adecuación, posta a punto, manexo e adaptación.
Accesibilidade.
Valoración da importancia de promover ámbitos seguros.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Estimulación cognitiva	35

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Organiza actividades de estimulación, mantemento e rehabilitación das capacidades cognitivas, seleccionadas en función das necesidades	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Valórase o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades
CA5.2 Seleccionáronse estratexias de intervención dirixidas ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas
CA5.3 Definíronse as técnicas e os procedementos que cumpra aplicar no desenvolvemento de actividades de estimulación, mantemento e rehabilitación das capacidades cognitivas
CA5.4 Seleccionáronse recursos para a realización de exercicios e actividades propostas
CA5.5 Estableceuse a secuencia das actividades de estimulación, mantemento e rehabilitación das capacidades cognitivas
CA5.6 Establecéronse adaptacións nas actividades en función das características das persoas
CA5.7 Valórase a necesidade de controlar as variacións na situación da persoa con respecto ás súas capacidades cognitivas
CA5.8 Valórase a necesidade de establecer estratexias de colaboración coas familias
CA5.9 <a href="#">Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.</a>

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Estimulación e mantemento cognitivo: concepto e fundamentos teóricos.
Programas de adestramento de estimulación e mantemento cognitivo: fases, elementos e recursos. Valoración do estado das persoas usuarias. Secuencia de actividades. Adaptacións individualizadas.
Técnicas de adestramento de estimulación e mantemento cognitivo: mellora de memoria, atención, orientación, etc.
Deseño de actividades de mantemento e mellora da capacidade cognitiva.
Valoración do carácter preventivo dos programas de estimulación cognitiva.
Estratexias de colaboración coas familias.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O adestramento das habilidades sociais	32

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza actividades de adestramento e adquisición de habilidades sociais, e xustifica a súa elección	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse os principais obstáculos que dificultan a comunicación e a interacción social da persoa
CA4.2 Valorouse o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades
CA4.3 Definíronse situacións de ensino e aprendizaxe de adquisición de habilidades sociais
CA4.4 Concretáronse as estratexias metodolóxicas que cumpra seguir no proceso de intervención
CA4.5 Seleccionáronse as técnicas e os procedementos que cumpra aplicar no desenvolvemento de habilidades sociais
CA4.6 Organizáronse as tarefas que cumpra realizar para a adquisición de habilidades sociais
CA4.7 Valorouse a importancia do papel do/da profesional como modelo na adquisición de habilidades sociais
CA4.8 Determinouse o protocolo de actuación para unha situación de alteración de conduta
CA4.9 <a href="#">Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.</a>

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Adquisición de habilidades sociais. Factores que inciden na súa adquisición.  Técnicas e instrumentos de valoración das habilidades sociais  Programas de adestramento e adquisición de habilidades sociais: fases, elementos e recursos. Valoración do estado das persoas usuarias. Secuencia de actividades. Estratexias metodolóxicas. Situacións de ensino e aprendizaxe de adquisición de habilidades sociais.  Técnicas de adestramento e adquisición de habilidades sociais.  Protocolo de actuación ante situacións de alteración de conduta.  Valoración do papel do persoal profesional como modelo na adquisición de habilidades sociais.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Desenvolvemento de programas de adestramento en HAPS	16

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Desenvolve actividades de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social, seleccionándoas en función das características das persoas usuarias	SI

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Realizáronse actividades para o mantemento e a mellora da autonomía persoal e social
CA6.2 Adaptáronse as actividades ás necesidades das persoas usuarias
CA6.3 Utilizáronse as axudas técnicas e os medios establecidos no programa de intervención
CA6.4 Utilizáronse os materiais con iniciativa e creatividade
CA6.5 Asesorouse a persoa usuaria sobre os servizos e o recursos comunitarios, e sobre o seu modo de uso
CA6.6 Aplicáronse protocolos de actuación ante situacións de crise nas persoas
CA6.7 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade
CA6.8 Resolvéronse eficientemente as continxencias xurdidas
CA6.9 Valorouse a importancia de respectar a capacidade de elección das persoas usuarias
<a href="#">OCA6.10 Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.</a>

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Adaptación de actividades e de axudas técnicas segundo os casos e os niveis de autonomía.
<a href="#">Asesoramento sobre os recursos</a>
Elaboración de materiais.
Papel do persoal técnico: funcións e actitudes; actuación en situacións de crise; relación coas persoas usuarias e co seu ámbito.
Respecto pola autodeterminación da persoa usuaria.



#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Avaliación de programas de adestramento en HAPS	14

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Realiza actividades de seguimento do proceso de promoción de habilidades de autonomía persoal e social, e xustifica a selección das estratexias, as técnicas e os instrumentos de avaliación	SI

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Selecciónanse criterios e indicadores para a avaliación do programa de adestramento
CA7.2 Elaboráronse instrumentos de avaliación para o programa de adestramento
CA7.3 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos
CA7.4 Elaboráronse informes sobre o desenvolvemento do programa
CA7.5 Transmitíronse os resultados da avaliación ás persoas implicadas
CA7.6 Respondeuse con eficacia ás contingencias xurdidas na intervención
CA7.7 Valorouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar
CA7.8 Argumentouse a importancia do seguimento da intervención para a súa mellora
CA7.9 <a href="#">Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.</a>

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Indicadores do nivel de autonomía da persoa usuaria.
Técnicas e instrumentos de avaliación da autonomía persoal e social: selección, elaboración e aplicación.
Elaboración de informes.
Transmisión da información.
Valoración da importancia da coordinación e o traballo en equipo na avaliación da intervención.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Tal como se recolle no artigo 23.4 da Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: «co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, conforme o establecido na normativa vixente, cada departamento de familia profesional incluírá na súa programación a sistemática que se vai a empregar para lle dar a coñecer ao alumnado a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva». A maiores ao estarmos traballando nun CIFP debemos ter en conta todas as indicacións do Departamento de Calidade con respecto á avaliación.

Dadas as características deste ciclo, considérase necesario ter moi en conta certas competencias profesionais e resultados de aprendizaxe que van formar parte da futura dinámica laboral do alumnado e que veñen establecidas no decreto 73/2016, do 28 de abril, como a competencia xeral, as competencias profesionais, persoais e sociais e os obxectivos xerais, ademais dos obxectivos, resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos asociados ao módulo, ademais das correspondentes unidades formativas. Para o módulo de Promoción da Autonomía Persoal os criterios de realización avaliábel polo decreto 73/2016, do 28 de abril, reflíctense no apartado 1.8.1. do propio decreto.

No desenvolvemento da profesión de TSIS teñen un gran peso as competencias profesionais, o xeito de traballar cos grupos e usuarios/as a intervire, por este motivo, son fundamentais as actitudes, polo que engado aos criterios de avaliación de corte actitudinal presentes no decreto do currículo o seguinte criterio de avaliación:

-Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

Seguirei unha rúbrica para a avaliación de competencias/compromiso ético no ámbito actitudinal. Medirei a través dos descritores dos indicadores establecidos na rúbrica se o alumando amosa no seu comportamento as actitudes profesionais agardadas. Compartirei esta rúbrica co alumando a través da aula virtual desde o inicio da actividade docente.

Os mínimos esixibles, para acadar a avaliación positiva no presente modulo evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe e os seus respectivos criterios de avaliación, explicitados a continuación:

Ud1:

CA1.10.1 - Definíronse os conceptos relacionados coas habilidades de autonomía persoal e social.

CA1.10.2 - Caracterizáronse as diferentes HAPS, identificando os elementos que as conforman.

CA1.11 - Respectáronse as persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

UD2:

CA1.5.1 - Descríronse os procesos xerais de adquisición de habilidades no marco das teorías psicolóxicas da aprendizaxe.

CA1.6 - Estableceuse a secuencia das actuacións dirixidas á aprendizaxe e ao mantemento de hábitos de autonomía persoal e social.

CA1.11 - Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.



UD3:

CA1.1 - Identifícanse as fases dun programa de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social.

CA1.2 - Determináronse os elementos dun programa de adestramento de habilidades de autonomía persoal e social.

CA1.4.1 - Argumentouse a importancia do modelo de Planificación Centrado na Persoa.

CA1.5.2 - Tivéronse en conta os fundamentos psicolóxicos da intervención sobre a conduta humana na selección das técnicas de adestramento.

CA1.6 - Estableceuse a secuencia das actuacións dirixidas á aprendizaxe e ao mantemento de hábitos de autonomía persoal e social.

CA1.7 - Determináronse os recursos do programa de adestramento en habilidades de autonomía persoal e social.

CA1.8 - Deseñáronse as adaptacións necesarias no programa de intervención para atender as necesidades individuais das persoas.

CA1.9 - Establecéronse as pautas de actuación e colaboración co equipo interdisciplinar e a familia.

CA2.1 - Valorouse o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades.

CA2.2 - Definíronse situacións de ensino e aprendizaxe de promoción da autonomía nas actividades da vida diaria.

CA2.3 - Selecciónáronse as técnicas para favorecer a autonomía nas actividades da vida diaria.

CA2.5 - Estableceuse a secuencia das actividades de promoción de autonomía nas actividades da vida diaria.

CA2.6 - Establecéronse as adaptacións das axudas técnicas en función das características da persoa.

CA2.7 - Establecéronse medidas de prevención e seguridade consonte a normativa.

CA2.9 - Respectáronse as persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

UD4:

CA3.1 - Valorouse o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades.

CA3.2 - Selecciónáronse as técnicas de orientación e mobilidade.

CA3.3 - Selecciónáronse os medios e as axudas técnicas

CA3.4 - Estableceuse a secuencia das actividades de adquisición de competencias básicas de mobilidade.

CA3.6 - Establecéronse medidas de prevención e seguridade consonte a normativa.

CA3.9 - Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

UD5:

CA5.1 - Valorouse o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades.

CA5.2 - Selecciónáronse estratexias de intervención dirixidas ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.

CA5.3 - Definíronse as técnicas e os procedementos que cumpra aplicar no desenvolvemento de actividades de estimulación, mantemento e rehabilitación das capacidades cognitivas.

CA5.4 - Selecciónáronse recursos para a realización de exercicios e actividades propostas actividades de estimulación, mantemento e rehabilitación das capacidades cognitivas.

CA5.5 - Estableceuse a secuencia das actividades de estimulación, mantemento e rehabilitación das capacidades cognitivas.

CA5.9 - Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

UD6:

CA4.1 - Identifícanse os principais obstáculos que dificultan a comunicación e a interacción social da persoa.

CA4.2 - Valorouse o estado das persoas para determinar os obxectivos das actividades.

CA4.3 - Definíronse situacións de ensino e aprendizaxe de adquisición de habilidades sociais.

CA4.4 - Concretáronse as estratexias metodolóxicas que cumpra seguir no proceso de intervención

CA4.5 - Selecciónáronse as técnicas e os procedementos que cumpra aplicar no desenvolvemento de habilidades sociais.

CA4.6 - Organizáronse as tarefas que cumpra realizar para a adquisición de habilidades sociais.

CA4.7 - Valorouse a importancia do papel do/da profesional como modelo na adquisición de habilidades sociais.

CA4.8 - Determinouse o protocolo de actuación para unha situación de alteración de conduta.

CA4.9 - Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.



UD7:

- CA6.1. Realizáronse actividades para o mantemento e a mellora da autonomía persoal e social.
- CA6.2. Adaptáronse as actividades ás necesidades das persoas usuarias.
- CA6.3. Utilizáronse as axudas técnicas e os medios establecidos no programa de intervención.
- CA6.4. Utilizáronse os materiais con iniciativa e creatividade
- CA6.5. Asesorouse a persoa usuaria sobre os servizos e o recursos comunitarios, e sobre o seu modo de uso.
- CA6.6. Aplicáronse protocolos de actuación ante situacións de crise nas persoas.
- CA6.7. Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
- CA6.8. Resolvéronse eficientemente as continxencias xurdidas.
- CA6.9. Valorouse a importancia de respectar a capacidade de elección das persoas usuarias.

UD8:

- CA7.1. Seleccionáronse criterios e indicadores para a avaliación do programa de adestramento.
- CA7.2. Elaboráronse instrumentos de avaliación para o programa de adestramento.
- CA7.3. Rexistráronse os datos nos soportes establecidos
- CA7.4. Elaboráronse informes sobre o desenvolvemento do programa.
- CA7.5. Transmitíronse os resultados da avaliación ás persoas implicadas.
- CA7.7 - Valorouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinario.
- CA7.8 - Argumentouse a importancia do seguimento da intervención para a súa mellora.
- CA7.9 - Respectáronse ás persoas nas súas diferenzas e incorporouse a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

O grao de consecución destes criterios de avaliación diferenciará as cualificacións do alumnado, establecidos como ensinanzas mínimas no currículo, ademais do cumprimento do seguinte criterio de avaliación creado ad hoc: -Respecta ás persoas nas súas diferenzas e a si propio/a e incorpora a perspectiva de xénero en todas as intervencións.

A planificación da avaliación tanto nas unidades didácticas como do módulo no seu conxunto ten como finalidade que o alumnado alcance os obxectivos propostos neste módulo.

Os tipos de avaliación que se realizan son: inicial, continua e final do módulo e asemade dende o punto de vista da función no proceso de ensino - aprendizaxe; formativa e sumativa. Tendo en conta que o/a axente principal do proceso de ensino e aprendizaxe é o alumno/a propoñeráselle a realización dunha autoavaliación ao longo do curso.

En cando aos criterios de cualificación levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a evolución da súa aprendizaxe.

Unha vez establecidos os criterios de avaliación, explicitados máis arriba, reflectidos no apartado 1.8.1 do decreto do currículo e o criterio creado ad hoc; debo seguir un sistema que me permita medir a consecución dos obxectivos, dos criterios de realización, dos dominios profesionais e do grado de concreción aceptable para cada resultado de aprendizaxe e os correspondentes criterios de avaliación asociados ao módulo. Tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos os mínimos esixibles para poder obter unha cualificación positiva, a cualificación do módulo calcularase en base ás seguintes porcentaxes, establecidas deste xeito ao ponderar o peso de cada tipoloxía de contido no propio decreto do currículo a través dos CA:

Os contidos con respecto aos compoñentes da cualificación, segundo a ponderación establecida nesta programación son:

- Conceptuais 40%: Saber: Capacidade do alumando de de investigación-análise, esquematizar e sintetizar, xerarquizar e dominar os contidos conceptuais, relacionar conceptos e coñecementos.
- Procedimentais 50%: Saber facer: Capacidade de elaboración das tarefas: o alumno/a exprésase de forma clara e concisa a través da escritura e do discurso, planifica e cumpre cos obxectivos cinguíndose á proposta e presenta correctamente cada tarefa.





- Actitudinais 10%: Saber ser: Ademais dos específicos para cada unidade, teremos en conta en todas elas o criterio creado Ad Hoc, "Respecta ás persoas nas súas diferenzas e a si propio/a e incorpora a perspectiva de xénero en todas as intervencións".

É necesario ter superados todos os mínimos esixibles, nas tres tipoloxías de CA (conceptuais, procedimentais e actitudinais) para poder obter unha cualificación positiva. Destaco que o non cumprimento do criterio de avaliación creado a maiores dos do decreto do currículo, por considerarse chave, suporá non superar a avaliación, aínda tendo aprobados os contidos conceptuais e procedimentais e os outros actitudinais.

A nota final do módulo obtéñoa como media aritmética das tres avaliacións. As datas das probas finais escritas establézoas de acordo co alumnado e atendendo á orde de calendario levaranse a cabo ao remate de cada trimestre, de acordo co calendario establecido a tal efecto polo centro educativo. Cualificarase con cifras de 1 a 10 sen decimais. No caso de non superar algunha das avaliacións parciais, o alumnado terá a opción de realizar probas individualizadas que versarán sobre os mínimos esixibles non acadados. En caso de non superarse nin as probas de avaliación parcial nin as probas individualizadas sobre mínimos esixibles, o alumnado poderá examinarse da materia na convocatoria extraordinaria de xuño, na cal o exame versará sobre todos os criterios de avaliación establecidos nesta programación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O carácter continuo da avaliación debe permitir, na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do proceso que provocan estes déficits e a adopción das medidas correctoras oportunas. A realización de actividades de reforzo terá carácter continuo co fin de que o alumnado acade os niveis mínimos esixibles. No suposto de que estas medidas fosen insuficientes e algún alumno ou alumna non superase algunha avaliación, propóranse probas individualizadas para superar as probas escritas ou actividades nas que non se acade un mínimo esixible. Será informado das actividades de recuperación precisas para acadar unha avaliación positiva na avaliación final do módulo, tal e como establecen os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Logo de realizada a terceira avaliación parcial o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado do alumnado que teña módulos pendentes deste primeiro curso; este informe servirá de base para o deseño das actividades de recuperación que se realizarán entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulo do primeiro curso, nun período non superior ás tres semanas.

As actividades de recuperación concretaranse para cada alumno ou alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación, os obxectivos e os contidos do módulo non adquiridos, terán un carácter global e individualizado e incluírán as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitar que a alumna ou alumno poida acadar os niveis mínimos esixidos.

No suposto de que as medidas postas en marcha previamente fosen insuficientes e algún alumno ou algunha alumna non superase o módulo, faranse actividades e proba de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente a Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, (entre setembro e marzo do curso seguinte). Estas actividades concréntanse para cada alumna ou alumno tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo e os contidos non adquiridos e inclúen as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitarlles podan acadar os mínimos esixidos.

No suposto de que un alumno ou alumna pase de curso co módulo pendente, deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. A tal fin, a titora en colaboración co resto do equipo, elaborará un informe de avaliación individualizado no que consignará a información que resulte necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno ou da alumna. O informe de avaliación individualizado a que se refire o artigo 39 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe para a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumno ou da alumna e incluírá, de ser o caso, as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das



ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua para o módulo establécese tendo en conta que: o número de horas do módulo é de 213 horas e a cantidade de faltas de asistencia permitidas para ter dereito á avaliación continua é de 22 horas como ven establecido na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial no seu artigo 25.2: «O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro». Engadirase un 5% de faltas xustificadas segundo establece o NOF (Normas de organización e funcionamento) do CIFP Compostela.

Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no NOF do centro.

Tal e como indica a lexislación vixente o alumnado que perde o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 desta orde. A perda deste dereito supón que se pode seguir asistindo á aula pero haberá que realizar unha avaliación extraordinaria, á que tamén se poden presentar aqueles alumnos que estean pendentes de avaliación positiva, ata un máximo de catro convocatorias por módulo, agás no módulo de FCT, que o é nun máximo de dúas segundo se establece no artigo 46.3 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

Polo tanto en aplicación dos artigos 25.2 e 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a avaliación ten un carácter continuo pero o alumnado que perda o dereito á avaliación continua na modalidade presencial terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

O alumnado con perda do dereito da avaliación continua terá que realizar unha proba: Constará de dúas partes, a primeira parte práctica e a segunda teórica:

Primeira parte: Realización de 3 supostos prácticos sobre a promoción da autonomía persoal. Segunda parte: Preguntas pechadas: cuestionario de 50 preguntas. Preguntas abertas: 8 de resposta breve e 2 a desenvolver.

Criterios de avaliación:

Primeira proba: Cualifícanse os supostos sobre 10.

Segunda proba: Preguntas pechadas valerán un 45%, as de resposta breve 10%, as de desenvolver un 45% sobre 10. A nota final será a media numérica das dúas partes sempre que en ambas se obteña como media un 5.

De celebrarse probas libres deste módulo durante o curso académico, a proba de perda de dereito da avaliación continua será idéntica á proba libre e celebrarase no mesmo horario.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A autoavaliación da propia competencia docente e dos seus métodos de ensinanza-aprendizaxe é un dos procedementos máis importantes da actividade docente. Determinará en que medida as actividades, metodoloxía, recursos... son axeitados para lograr os obxectivos fixados. Avaliarase coma un proceso continuo ao longo de todo o curso. Algúns dos aspectos sobre os que debemos reflexionar son a adecuación dos obxectivos e dos contidos e actividades e a súa secuenciación e a diversificación de estratexias que respondan aos distintos ritmos de aprendizaxe, se se establece unha metodoloxía coherente cos demais profesores do grupo, para contrastar a validez dos procedementos e instrumentos utilizados e avaliar tamén todos os compoñentes das institucións educativas. A avaliación docente desempeña a función xeral de perfeccionamento profesional e axúdame a redeseñar a miña estratexia futura.

A maiores a orde de avaliación (Orde do 12 de xullo de 2011) no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento da familia profesional correspondente realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións.

Someterase a revisión a presente programación individualmente, tal e como se nos indica desde a CCEOU e do Departamento de Calidade a través dos seguimentos da programación da plataforma de xestión das programacións e en equipo, tanto en equipo de ciclo como de Departamento; tendo en conta as achegas e puntos de vista dos compañeiros/as e de alumnado para poder adaptar a mesma ás necesidades do noso alumnado.

Finalmente, o alumnado terá a oportunidade de avaliar tamén a función docente nos aspectos metodolóxicos referentes ao desenvolvemento dos contidos e procedementos, así como nos aspectos organizativos relacionados coa dinámica de clase, a través dunha enquisa anónima que se lles pasará á fin de cada trimestre, no modelo da CCEOU que se lles efectúa cada trimestre. Teranse en conta as súas valoracións de cara á mellora da práctica docente.

Analizaremos os seguintes aspectos da programación:

-Respecto ós obxectivos: a súa adecuación e relación cos resultados de aprendizaxe e contidos. Sobre os contidos: a súa adecuación, a axeitada selección e secuenciación.

-Ás actividades: a súa coherencia respecto a obxectivos, contidos e metodoloxía.

-Á metodoloxía: creación de dinámicas axeitadas de traballo, pertinencia dos recursos escollidos, adecuación dos agrupamentos propiciados.

-Sobre a avaliación: instrumentos válidos respecto ós criterios de avaliación e contidos das unidades didácticas e o sistema de autoavaliación.

-Así como a nosa interacción e o ambiente da aula, na que anoto todas as incidencias ocorridas ao longo do transcurso da mesma, para que sexa un documento vivo, aberto e flexible, un verdadeiro instrumento da actividade docente, en permanente análise para que poda ser modificada segundo as necesidades e expectativas do alumnado e do profesorado. Tamén teño en conta a valoración do centro educativo en toda a súa complexidade: proxectos, logros, estruturas, recursos, mobiliario, dinámica de relacións, actividades e actividades, o nivel de conservación dos espazos e reflexiono sobre a adecuación aos requisitos mínimos esixidos polo Real Decreto 132/2010 de 12 de febreiro, para impartir as ensinanzas e o Anexo II do propio decreto do currículo.

Para o seguimento da programación empregarase a Plataforma de xestión das programacións habilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dando conta mensualmente nas reunións do Departamento nas que se presentará o devandito documento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento. No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación anexo a acta de reunión do Departamento da familia profesional. Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación



será realizada en principio pola profesora, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial constitúe un dos momentos esenciais para extraer información arredor do desenvolvemento das capacidades que emprega o alumno ou a alumna durante as primeiras semanas do curso. Segundo o establecido no artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, a profesora que se encarga da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. En consecuencia, dedicaranse os primeiros días de clase á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar rechamantes co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión de avaliación inicial.

Polo demais seguiranse os protocolos e instrumentos de seguimento e avaliación establecidos polo Sistema de Calidade.

Se a avaliación inicial do alumnado indica que no grupo hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza- aprendizaxe susceptibles de modificación (metodoloxía, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo. Como toma de contacto co alumnado do ciclo realizarase unha avaliación inicial do módulo que sirva de base para coñecer o nivel de coñecementos en relación aos contidos. Ademais realizarase unha avaliación inicial de cada UD. Empregaremos varios instrumentos que serán interpretados de modo individual ou comparativo: a observación, entrevistas, cuestionarios, probas orais e escritas, revisións de traballos... As probas adoptarán diferentes formatos en función dos contidos e obxectivos perseguidos pero tamén porque consideramos que deben responder aos diferentes estilos cognitivos e de aprendizaxe do alumnado así como permitírnos avaliar a súa competencia en diferentes tipos de tarefas.

En todo caso, a misión fundamental deste tipo de avaliación é introducir a retroalimentación no proceso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O concepto de «necesidade específica de apoio educativo» (NEAE) entra no ámbito da educación coa LOE en substitución ao termo «necesidades educativas especiais» (NEE) que utilizaba a LOXSE nun sentido máis xeral. A LOE de ne no seu artigo 71.2 o alumnado con NEAE a aquel «que



presenta necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar».

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa indica no seu artigo 57 que:

«1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente lei. As administracións educativas poderán establecer plans de centros prioritarios para apoiar especialmente os centros que escolaricen alumnado en situación de desvantaxe social.

2. Corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.»

Sinala tamén que se establecerán os recursos precisos para identificalas e que a atención integral iniciárase dende no momento en que a necesidade sexa identificada e que se rexerá polos principios de normalización e inclusión. O uso deste termo evita a connotación negativa dalgúns termos utilizados na educación con anterioridade e as implicacións que levaban a clasificación do alumnado en categorías diagnósticas. Na nosa comunidade autónoma, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, é o que regula a atención á diversidade do alumnado, dentro da que se inclúe a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

A diversidade forma parte das características do ser humano e, por tanto, é inherente a todo proceso educativo. A diversidade pode vir determinada por alumnos e alumnas con distinto nivel de competencia curricular, distinto momento de desenvolvemento psicolóxico e madurez, distintas motivacións e intereses para aprender, distintos estilos de aprendizaxe e alumnos e alumnas procedentes de ambientes e contextos socioculturais diversos.

Logo do cuestionario inicial do alumnado, realizado pola titora e das informacións recibidas polo resto do profesorado, teño en conta a diversidade e as NEAE do meu alumnado á hora de programar tal e como quedou expresado nas liñas xerais da metodoloxía e unha vez avaliado e á vista do alumnado reformo aqueles aspectos que sexan necesarios xa que a programación é un documento vivo en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O sistema educativo actual a través da variada oferta da FP e da súa optatividade dá resposta á diversidade e ademais conta con outras medidas específicas de atención á NEAE que levo a cabo en estreita colaboración co Departamento de Información e Orientación Profesional do centro como: facer un seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que a intervención educativa sexa o máis individualizada posible, xa que partimos do principio de que todos somos diferentes, que permita detectar as dificultades que presentadas e tratalas particularmente con titorías e adaptando a metodoloxía e a resposta educativa ás peculiaridades do centro e do propio alumnado, sendo flexible á hora de marcar os diversos ritmos de traballo do alumnado...

As adaptacións que supoñen axustes ou modificacións sinxelas do programa englobáanse no concepto de reforzo educativo, que é o conxunto de medidas ordinarias de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo: aos xeitos e instrumentos de avaliación, á temporalización, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado... en xeral a todas as cuestións que pertencen ao ámbito da metodoloxía e as adaptacións de acceso ao currículo que supoñen a provisión de recursos e medios técnicos específicos.

Entendo como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias.

Entre as medidas que se poden establecer nesta programación destaco:

- Establecer claramente os criterios mínimos a conseguir.
- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos.
- Favorecer a colocación do alumnado no lugar máis adecuado ás súas características.
- Flexibilizar tempos (básicos e complementarios) na medida do posible.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do/a alumno/a.



- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Propoñer actividades de traballos colaborativos en pequenos grupos ou en parella e graduadas.
- Diversificar recursos, agrupamentos, metodoloxía, que tome en consideración os diferentes ritmos e estratexias de aprendizaxe.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación profesional por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

Contéplase a atención ao alumnado con NEE segundo se estable nos artigos 62 e 63 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, aténdese á flexibilización modular de ciclos formativos: «O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustificuen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral e a garantir a accesibilidade universal ás ensinanzas de formación profesional».

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do Departamento de Información e Orientación Profesional, a solicitude de flexibilización horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15, de acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustificuen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Non podo perder de vista que a FP é educación pos-obrigatoria, polo que debo facilitar a transición á vida adulta e contribuír á consecución por parte de todo o alumando das competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Comenta Louis Germain, profesor de Camus: «O pedagogo que quere desempeñar concienciadamente o seu oficio non descoida ningunha ocasión para coñecer e educar aos seus alumnos/as, [...], e estas preséntanse constantemente. Creo que respectei, durante toda a miña carreira, o máis sagrado que hai nun alumno/a: o dereito a buscar a súa verdade».

Como docente debo preguntarme que é a educación e por que importa o ensino sobre valores e como encaixa esta preocupación nun conxunto máis amplo de metas. A Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables e unha forma de achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. O profesorado, sexa do módulo que sexa, debe contribuír de xeito directo á promoción da educación en valores axeitados para a creación e o mantemento dunha sociedade liberal, intercultural e multiconfesional. Estes contidos non forman parte específica de ningún decreto do currículo concreto co obxectivo de que sexan tratados en todos os ciclos e módulos da FP, respondendo así a un proxecto global de educación, asignándolle unha función social á educación. Decido traballar de xeito implícito e explícito esta educación en valores presentándolle ao alumnado un listado de películas recomendadas por contido transversal, para que realizar un cine-foro; sen prexuízo da participación activa nas accións que a nivel de centro se teñan programadas para a educación en valores e para as conmemoracións suxeridas na orde do calendario escolar. Tratarase dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns. Traballo de tamén de xeito implícito esta





educación no propio módulo que contén conxuntos de coñecementos e destrezas onde podemos situar estes valores no centro dos mesmos, como por exemplo o tema da coeducación rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e tratándoo ao valorar se a profesión de integrador/a social está ou non feminizada ou a educación intercultural. Estará sempre presente, xa que implica directamente os valores de inclusión social e de respecto ás características das persoas con diversidade funcional, con calquera enfermidade ou en situación de dependencia ou risco social. En particular, serán tamén obxecto de educación en valores para a igualdade as características das persoas derivadas do seu xénero, idade e habilidades de autonomía persoal. Traballo esta educación a través do exemplo diario despois de observar os seus comportamentos en diferentes situacións, nunca perdo de vista estes contidos no quefacer diario da aula, nin nas actividades programadas, aproveitando cada ocasión para facer fincapé neles: para a educación moral e cívica propicio a discusión sobre textos e lexislación con problemáticas reais referidas aos dereitos humanos para desenvolver unha consciencia crítica neles, para a cooperación internacional tento que participen en proxectos que impliquen actitudes de solidariedade na vida comunitaria, dentro e fóra do centro educativo, a educación para a paz, é o valor que nos guía na convivencia diaria así como a mediación para evitar e resolver os conflitos que poidan xurdir, este valor fundamental entronca tamén cos contidos do propio módulo, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de habilidades sociais. Procurarase a resolución de problemas fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. A educación ambiental, comprométome cun modelo de desenvolvemento humano sostible en decisións sobre a organización da aula, empregando os recursos de xeito racional, ecolóxico; para a educación afectivo-sexual, colaboro en que obteñan autoconceito axeitado, desenvolvo a afectividade nas relacións e rexeito os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas, para a educación para o consumo, incúlcolles que desenvolvan unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten en xeral a través dos medios de comunicación, como sucede coa educación vial, onde rexeito as mensaxes sobre a tenencia e conducción de vehículos e promovo unha conducción responsable e segura aproveitando as saídas ou o chegar e abandonar o centro en vehículos propios e para a educación para a saúde, promovo unha alimentación saudable e hábitos de exercicio físico axeitado, se non os tivesen. É importante adquirir conciencia do papel do/a TSIS como modelo de conduta para as persoas usuarias pertencentes a diversos colectivos vulnerables. A educación para a saúde forma parte dos contidos do módulo, pero además enfatizarase a importancia de que un/ha coidador/a debe en primeiro lugar, coidarse a si mesmo/a.

Procurarei educar, non adoutrinar: axudar a construír a súa propia escala de valores de forma autónoma e racional, favorecer un enfoque vivencial, os valores non se aprenden como os conceptos, adquirense mediante a vivencia afectiva dos mesmos, utilizar unha perspectiva transversal, tratar de facer que a educación en valores estea presente en todo momento educacional, ensinarlles a ser críticos coa información que lles chega desde distintos medios, utilizar un ambiente de dialogo como base do respecto e a igualdade, propiciar a axuda mutua para fomentar a colaboración e o respecto, facilitar a participación de todos e todas, como medio para lograr a conciencia de igualdade, empregar normas transparentes e compartidas, ser exemplo, é máis doado exemplificar cunha boa conduta que ensinala.

Co seu desenvolvemento, pretendo que o alumnado elabore os seus propios xuízos críticos e que adopte determinadas actitudes e comportamentos integrándoos na súa vida cotiá porque o/a futuro/a animador/a como profesional competente, debe ter en conta, no desempeño da súa profesión, que será modelo e exemplo das persoas dos diferentes grupos de intervención coas que traballe, ademais de aprenderlles un código ético de comportamento profesional e de compromiso social.



## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares decídense na primeira xuntanza de equipo docente e reféndanse na primeira reunión de departamento. Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe, previstos no currículo. Desenvolveranse a través de visitas a diferentes organizacións ou institucións relacionadas co ámbito profesional do futuro técnico/a e charlas nas que participarán diferentes profesionais e asistencia a diferentes institucións, explicitadas en cada UD.

A organización deste tipo de actividades pode implicar alteracións no horario do alumnado, para poder compaxinalas co horario das institucións que se visiten e/ou persoas coas que se colabore. Para unha mellor optimización dos recursos, organizaranse en colaboración co profesorado de todo o ciclo formativo das distintas modalidades e doutros ciclos da familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade, propiciando así o contacto entre o alumnado de ambas ofertas e distintos cursos. Para maior concreción das ACF podemos consultar as actas de equipo docente e de departamento.

As liñas xerais das ACF son:

Algunhas das ACF programadas para este curso académico son:

-Charlas-coloquio como a do mediador intercultural do secretariado xitano, da plataforma polo emprego, dos Servizos Sociais do concello, de Cersia, de Vigalicia.

- Xornadas sobre familia,

- Obradoiro intercultural, etc.

-Visita a centros relacionados coa integración social como o Centro de promoción da autonomía persoal de Bergondo, ao centro penitenciario da Lama, a Down Compostela, a Fademga, a Feafes, visita a distintos recursos do ámbito da integración social organizadas en colaboración con outros módulos, colaboracións coas distintas actividades promovidas polo centro e Departamento, posibilidade de contar con distintos expertos sobre contidos referidos ao módulo (Produtos de apoio, estimulación cognitiva ...)

Este módulo, así mesmo, contemplará todas as visitas e colaboracións que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo e que poidan ser interesantes para a formación dos/as nosos/as alumnos/as.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía

#### 10.1.1. Liñas metodolóxicas xerais

Atendendo ao artigo 35 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia indícasenos con respecto á metodoloxía que: A metodoloxía para utilizar na formación profesional específica tratará de forma globalizada os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica, de xeito que se promova no alumnado unha visión global e coordinada dos procesos produtivos nos que deberá intervir como profesional. Tamén que nestas ensinanzas prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade e cos recursos de apoio necesarios en cada caso.

O decreto 73/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social danos unhas orientacións pedagóxicas con respecto ao módulo de Promoción da Autonomía Persoal xa que contén formación necesaria para desempeñar as funcións de planificación, execución e avaliación das intervencións con persoas en situación de dependencia no adestramento de habilidades.

A función de planificación abrangue aspectos como a detección de necesidades e a programación.

A función de execución abrangue aspectos como:

-Recollida de información.

-Organización da planificación.





-Desenvolvemento da actividade.

-Aplicación de estratexias.

-Elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

A función de avaliación refírese ao control e ao seguimento do proceso.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no sector dos servizos sociais, en programas que impliquen adestramento de habilidades de autonomía persoal e social.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), d), f) h), i), j), ñ), o), q) r), t), u), v) e w) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), d), f), h), i), j), ñ), o), q), s), t) e u).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo actividades han versar sobre:

-Deseño de programas e actividades de intervención para a adquisición e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social.

-Planificación de estratexias, actividades e recursos para a intervención na adquisición e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social.

-Desenvolvemento de actividades para a intervención na adquisición e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social, e de inserción laboral.

-Avaliación do proceso de intervención.

Seguiranse sempre as seguintes liñas de acción:

-Traballo en equipo.

-Creatividade.

-Aplicación de criterios que permitan a eficacia e a mellora da calidade no servizo.

-Autoavaliación do traballo realizado.

Toda acción educativa precisa dunha metodoloxía concreta para poder desenvolverse dun xeito planificado e construtivo. No caso da Formación Profesional a metodoloxía didáctica das ensinanzas integrará os aspectos científicos, tecnolóxicos e organizativos que en cada caso correspondan. Así, a metodoloxía a seguir para o desenvolvemento da presente programación está caracterizada polas seguintes connotacións: propoño seguir unha metodoloxía activa, integradora, coeducativa, comprometida, lúdica, participativa, adaptativa e flexible que toma como base o enfoque do construtivismo dialéctico.

Este enfoque trae consigo que a alumna ou o alumno asuma un papel protagonista na dinámica das aulas, o que garante unha maior implicación no seu propio proceso de enseñanza-aprendizaxe e ademais exercitarse nos procesos que constrúen os conceptos, levando a cabo a denominada por Ausubel como unha «aprendizaxe significativa» estimulando as súas capacidades de análise, reflexión, traballo crítico, toma de decisións, planificación, busca de solucións creativas, traballo en equipo... necesarias para o exercicio profesional da Integración Social, como afirma Sábató: «o ser humano aprende na medida en que participa no descubrimento e na invención». É unha enseñanza recíproca, interpersoal entre alumnado e o propio profesorado que consegue a motivación necesaria para que todo o grupo se implique nas aprendizaxes de forma activa e construtiva.

#### 10.1.2. Principios metodolóxicos

Definida polas anteriores características, e en relación cos procesos de ensino-aprendizaxe, establécense os seguintes principios metodolóxicos básicos que afectan a toda a intervención educativa:

-Adaptación ás características concretas do grupo-aula: xa que na formación profesional específica poden ser moi variables dun centro a outro, e incluso dun curso a outro nun mesmo ciclo formativo.

-Adaptación ao nivel de madurez do alumno/a: tanto para o deseño e posta en práctica das diferentes actividades, como para o establecemento e transmisión dos contidos e deseño dos obxectivos a acadar.

-Aprendizaxe significativa: necesidade de ter en conta os coñecementos previos do alumno/a (non só académicos senón tamén os que adquiriu a través da súa experiencia en diferentes ámbitos) e os seus intereses e expectativas, facilitando a través de diferentes actividades que o alumno/a poida relacionar o que xa sabe co que aprende.

-Aprendizaxe funcional: facilitarase que o alumno/a faga persoais as diferentes aprendizaxes, que poida traducilas á súa propia linguaxe,



empregalas noutras áreas e aproveitar o traballado para seguir aprendendo.

-Globalidade: que permita poñer en relación os diversos bloques temáticos. Facilitarase que o alumnado poida establecer relacións entre actividades, procurando que deduza aplicacións dos contidos aprendidos coa realidade e a práctica profesional.

-Motivadora de futuras aprendizaxes: debe axudar a que o alumno/a comprenda que a aprendizaxe é algo que nunca se acaba e que o seu futuro profesional esixiralle a continua adquisición de novos coñecementos.

-Fomento da autonomía: a intervención educativa debe fomentar a creatividade, a iniciativa e a capacidade de investigación e innovación.

-Fomento dun espírito crítico: relacionado directamente coa autonomía en todo o proceso de ensino-aprendizaxe, tenta fomentar a análise por parte do alumnado dos diferentes contidos a traballar promovendo a formulación de opinións e posicionamentos fundamentados.

-Incidencia na zona de desenvolvemento próximo: que, segundo Vigotsky, se establece vendo a diferenza entre o que o alumno/a é capaz de facer e de aprender por si mesmo/a eo que é capaz de facer e aprender co concurso doutras persoas, observándoas, imitándoas, seguindo as súas instrucións ou colaborando con elas.

-Énfase na superación de necesidades educativas específicas: mediante axudas persoais ou materiais aos alumnos/as que o precisen temporal ou permanentemente, para que acaden as finalidades da etapa educativa.

-Primacía do traballo grupal: como parte fundamental dentro da metodoloxía, a través de agrupamentos flexibles en función da actividade a realizar, que poden ser en grande grupo, pequeno grupo (fixos ou móbiles); e en cada un deles homoxéneos ou heteroxéneos (Coll, C. e out.1993). Unha metodoloxía grupal enriquece o proceso de ensino-aprendizaxe a través da participación e achegas de diferentes persoas, e facilita que o alumnado a identifique como maneira fundamental de desenvolver o seu labor profesional dentro do campo da animación e na súa futura inclusión en equipos interdisciplinares.

Non podo esquecer que a FP prepara para o desenvolvemento de competencias profesionais, que son os coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes que habilitan para o exercicio dunha profesión, «o saber facer», polo que os contidos procedementais abórdoos dende a aplicación, a práctica, a simulación, e o coñecemento de realidades laborais concretas. Ofrézolle experiencias variadas asociadas directamente coa realidade profesional na que han de inserirse a través da formulación de supostos prácticos e das entrevistas a profesionais relacionados co campo do Promoción da Autonomía Persoal. A consolidación destas adquisicións acádase a través da aplicación das aprendizaxes en diferentes contextos como a aula, a experiencia da FCT, coa proposta Eduemprende, etc.

Parte dos contidos do módulo trabállanse tamén a través doutros módulos profesionais do ciclo, polo que o traballo interdisciplinar cos/as demais docentes, será fundamental para o desenvolvemento deste. A interdisciplinariedade ponse tamén de relevo no traballo conxunto co Departamento de Información e Orientación Profesional do centro e con outros/as profesionais do campo da intervención, algunhas veces alleos ao centro educativo, cos/as que se realizará algunha actividade.

### 10.1.3. Actividades de ensino-aprendizaxe

As actividades que se levarán a cabo para o desenvolvemento das distintas unidades didácticas responden á seguinte tipoloxía:

De cada unidade de traballo a profesora proporciona un documento escrito que recolle a información máis relevante sobre a UD como apoio ou substitución das exposicións orais. Realízanse diferentes actividades de ensinanza-aprendizaxe que expresan o conxunto de técnicas, destrezas e actitudes de esencial adquisición por parte do alumnado para o desenvolvemento das competencias do módulo e son: actividades iniciais: a tormenta de ideas e os debates para desterrar os posibles falsos conceptos ou ideas erróneas que poden interferir na aprendizaxe de novos conceptos; e poder así, estruturar o proceso de ensinanza-aprendizaxe en base aos coñecementos previos xerais, para lembrar e asentar os coñecementos previos do alumnado en relación coa unidade ou bloque a que se pretende traballar, na resolución significativa, reflexiva e funcional de supostos prácticos para exercitar ao alumnado no seu futuro profesional; actividades de desenvolvemento, coas que se pretende que o alumnado investigue e elabore a información, extraendo conclusións, comunicando a información e cohexionándoa con outros contidos do módulo: combinar as exposicións teóricas por parte da profesora, que non supoñen nunca un monólogo coas as visitas a/de relatores relacionados coas temáticas das UD e tamén por parte dos/as alumnos/ as; ademais de organizar, deseñar, dinamizar e avaliar diferentes proxectos e actividades de Promoción da Autonomía Persoal tanto no centro como noutros contextos, de xeito individual, por parellas, en pequeno e en gran grupo, variables e conformados ao chou xa que é moi importante que o alumnado se afaga a traballar con diferentes persoas, favorecendo os agrupamentos heteroxéneos para fomentar a solidariedade entre eles; simulando así os contextos de traballo real a desenvolver con posterioridade. Presento diferentes actividades atendendo aos principios de variabilidade, redundancia, complementariedade e complexidade crecente das tarefas con



posibilidade de ser adaptadas aos distintos contextos e ás necesidades do alumnado; por exemplo: a realización de supostos prácticos, que permitirán ao alumnado traballar a relación dos contidos de tipo máis teórico coa realidade da súa práctica profesional, análise documental, que facilitará que o alumnado se familiarice co manexo de diferentes tipos de documentos (textos, artigos, lexislación...) necesarios no desenvolvemento da súa profesión, traballo con materiais audiovisuais: tanto visionado (películas, documentais...) a través da realización de vídeo-foros, escoita, como na elaboración de materiais propios (gravacións, recollidas de material, participación na creación do blog do ciclo), actividades propias de cada unha das expresións, busca, recollida, manexo e análise de información sobre diferentes tipos de contidos, así como visitas fóra da aula, dinámica de grupos, tanto a través de dinámicas de distensión e motivación do alumnado, como doutras elaboradas para o traballo de contidos específicos (role-playing, foros de discusión, barómetro de valores, choiva de ideas...) e outro tipo de actividades que os alumnos/as propoñan e que non estean reflectidas na presente programación, e que dado o carácter flexible da mesma se poidan incluír no seu desenvolvemento.

Para rematar facemos actividades finais e de avaliación, onde o alumnado sintetiza os conceptos fundamentais de cada unidade de traballo, que lle axuden a esquematizar as ideas importantes, a organizar e relacionar contidos, etc., a través das que poida comprobar o progreso acadado ao longo da unidade didáctica, ademais completo este apartado cunha actividade de consolidación e varias complementarias para asegurar e afianzar aínda máis os contidos conceptuais dende un novo punto de vista e fortalecer os contidos os procedementais de xeito individual. Propoño unha actividade de reforzo e recuperación, como medida ordinaria de atención á diversidade e varias actividades de ampliación, orientadas a conseguir máis información sobre a UD a tratar, realízanse de xeito voluntario e fóra do horario lectivo. Estou atenta a posibles dificultades que xurdan ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe co obxecto de articular as solucións, usando as medidas de reforzo precisas, que permitan que todo o alumnado sexa capaz finalmente de acadar os obxectivos do ciclo e os resultados de aprendizaxe e contidos básicos do módulo, por iso adapto a metodoloxía á diversidade do meu alumnado e realizo un seguimento individualizando.

Para a selección, deseño e secuenciación das actividades de ensino-aprendizaxe teranse en conta os seguintes criterios: favorecerán o coñecemento do entorno por parte do alumno/a; favorecerán a súa autonomía, a capacidade por aprender por si mesmo/a, a capacidade de traballo en equipo, a mellora das súas destrezas manuais, o desenvolvemento de habilidades cognitivas e a asimilación de actitudes positivas de cara á vida e á súa futura inserción laboral; contribuirán ao desenvolvemento da memoria comprensiva; aproveitarán os coñecementos previos do alumno/a e contribuirán ao desenvolvemento de aprendizaxes funcionais; potenciarán a aplicación por parte do alumno/a do método científico en canto a análise, desenvolvemento e aplicación da súa actividade; estimularán o interese pola autoaprendizaxe relacionada coa formación permanente nun entorno laboral cambiante; emprego de tecnoloxías, organizacións... relacionadas co entorno produtivo do ciclo formativo; axeitadas ao seu nivel de desenvolvemento, estilo de aprendizaxe e ritmo de traballo; favorecerán o desexo de aprender; permitirán ao alumno/a o coñecemento do seu nivel de competencia inicial en relación cos contidos de aprendizaxe e valorar as súas necesidades e posibilidades para adquirilos.

#### 10.1.4. A perspectiva de xénero

A sociedade, e como reflexo dela, a lexislación educativa actual considera imprescindible o tratamento da igualdade de xénero. Debe estar presente en todo proceso de ensino-aprendizaxe, e no noso caso en concreto está intimamente relacionado con moitos dos aspectos dos currículos da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade. A lexislación vixente recolle nas competencias temas transversais fundamentais e tamén a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, na se fai máis fincapé dado que en toda intervención social e educativa debemos ter presente a introdución da perspectiva de xénero como un eixo fundamental de traballo.

Tal e como se indica no Artigo 23 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

«O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Asemade, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros».

No artigo 14.3 da mesma lei, indícase: «A colaboración e cooperación entre as distintas administracións públicas na aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades».

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia fai, así



mesmo, mención especial á igualdade de oportunidades, indicando no seu artigo 3.2 que «a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio».

O Decreto 73/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social, indica no seu artigo 9 como obxectivo xeral do ciclo, no seu punto a) que debemos «interpretar información seleccionando as estratexias e os recursos pertinentes para elaborar proxectos de integración social adecuados á persoa destinataria, o contexto e o marco legal, e que incorporen a perspectiva de xénero, así como a defensa dos dereitos das vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e as súas fillas» e no seu punto e), que debemos, «identificar os niveis de intervención, analizando os factores influentes para deseñar, pór en práctica e avaliar intervencións dirixidas á prevención da violencia doméstica».

É necesaria a aplicación da perspectiva de xénero no campo da Integración Social, en xeral, e do Promoción da Autonomía Persoal, en concreto, como ferramenta para superar as desigualdades entre homes e mulleres que dificultan a construción de sociedades máis plurais e incluíntes. Xa que o xénero é unha construción cultural e social, definida polas relacións de poder e polas normas e valores relativos aos roles entendidos como masculinos e femininos con respecto ao comportamento, podemos concluír que a inclusión do xénero é fundamental como elemento asociado ás intervencións educativas porque, doutro xeito, estaremos a perpetuar as desigualdades. O noso alumnado, como futuros TSIS, debe servir de modelo para a sociedade e o/as usuarios/as beneficiarias das súas accións, xa que eles/as menos/as forman parte dunha sociedade onde as desigualdades están presentes en todos os ámbitos e a Intervención educativa non é unha excepción.

A inclusión da dimensión educativa nos aspectos relacionados co xénero e a loita pola igualdade entre homes e mulleres é aínda unha materia pendente e doutra banda, as organizacións e institucións que traballan no sector da educación, non atenden suficientemente o enfoque de xénero dentro das súas políticas e programas culturais. Coñecemos a existencia de estereotipos e roles sociais impostos que limitan a participación das mulleres e as nenas na vida das súas sociedades.

A maiores existe unha clara feminización das profesións relacionadas coa educación e os servizos sociais, onde as mulleres estamos moi ben representadas nas institucións públicas e privadas, na educación regrada e non regrada, formal e non formal, e nalgúns empregos educativos-asistenciais afíns ás tarefas «propias» femininas, respondendo ás expectativas sociais, ás barreiras simbólicas que asignan roles, espazos e talentos diferentes para homes e mulleres.

Durante os últimos anos, Estados, organismos internacionais, institucións públicas e privadas nacionais, así como organizacións non gobernamentais, asociacións, fundacións, agrupacións diversas e persoas individuais, impulsaron normativas, políticas, programas, proxectos e iniciativas dirixidas á erradicación da desigualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos. Aínda así cómpre implementar os desafíos políticos e as actuacións específicas para promover a visibilidade e recoñecemento das mulleres na cultura e facilitar ferramentas educativas e identificación de estereotipos negativos e outro tipo de barreiras que obstaculizan o acceso e desenvolvemento das mulleres como profesionais en cada unha das fases da cadea de valor.

A perspectiva de xénero aproxímase á realidade das olladas dos xéneros e cuestiona as súas relacións de poder. A introdución desta perspectiva nesta programación a abordar implica necesariamente ter en conta dous conceptos fundamentais: a transversalidade e o empoderamento. A transversalidade de xénero implica a inclusión do principio da igualdade real en todas as accións de todas as fases da intervención. O empoderamento fai referencia ao proceso mediante o cal as mulleres gañamos confianza, lugares e recursos para paliar as condicións de desigualdade, tanto individual como colectivamente.

Introducir esta variable na metodoloxía supón a inclusión de medidas de acción positivas, que xeran unha análise da realidade que afonde na desigualdade estrutural e nas relacións de xénero e implica ter en conta os seguintes apartados a nivel de intervención educativa: Obter información desagregada por sexo en cada unha das fases da intervención, coñecer os diferentes puntos de partida de mulleres e homes, eliminación de estereotipos e roles sexistas coa práctica social/ educativa, ter presente a eliminación da desigualdade de xénero nos obxectivos da intervención, elaboración de indicadores de xénero que permitan medir o efecto da intervención na desigualdade de xénero, crear estratexias específicas para potenciar o reequilibrio de poder entre homes e mulleres e utilización da linguaxe inclusiva.



## 10.2) 10.2. Medios e recursos didácticos e de espazos

De conformidade co establecido no Anexo II do decreto 73/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Integración Social, os requisitos mínimos de espazos e instalacións para impartir as ensinanzas o ciclo formativo de FP de grao superior de Integración Social son: unha aula polivalente de 60 m<sup>2</sup> para 30 alumnas e alumnos cun 46% de grao de utilización do espazo en horas con respecto ao total e de 40 m<sup>2</sup> cun 46% de grao de utilización para 20 alumnas e alumnos e un obradoiro de Integración Social de 120 m<sup>2</sup> para o primeiro caso e de 90 m<sup>2</sup> para o segundo caso nun 54% de utilización. Indícasenos tamén cales son os equipamentos mínimos: Equipamentos informáticos instalados en rede e con conexión a internet, Software, equipamentos audiovisuais, produtos de apoio para a vestidura, produtos de apoio para a mobilidade, produtos de apoio para a transferencia e a viraxe e a elevación, produtos de apoio para a alimentación e produtos de apoio para a comunicación.

A organización dos recursos deberá ter en conta as directrices recollidas no Proxecto Educativo de Centro e no Proxecto Curricular do Ciclo. Os recursos necesarios para o desenvolvemento do módulo son os seguintes, a maiores dos xa esixidos no decreto como mínimos. Segundo A. Zabala recursos son: «Todos aqueles instrumentos e medios que proporcionan ao educador pautas e criterios para a toma de decisións, tanto na planificación coma na intervención directa no proceso de enseñanza-aprendizaxe e na súa avaliación». Utilizo todo tipo de materiais e recursos relevantes, os máis axeitados para transmitir contidos e acadar os obxectivos propostos, adaptándoos sempre ás características e necesidades do alumnado, potenciando que aprendan a aprender do xeito máis autónomo posible.

Todos materiais e recursos achegados pola profesora e os traballos realizados polo alumnado están accesibles dende a aula virtual do módulo.

Materiais: empregárase un variado número de soportes en función dos contidos a traballar e a propia natureza da actividades propostas. A maioría destes materiais didácticos xa están elaborados, se ben outros poden ser realizados polos propios alumnos/as. Fan referencia aos seguintes:

- Recursos tecnolóxicos: contarase con equipo de música, canón de proxección, reprodutor de DVD, ordenadores portátiles e de mesa, cámara fotográfica dixital, cámara de vídeo dixital, gravadora de voz, páxinas web, aula virtual, blog de curso, escáner e impresora, software libre, dada a gratuidade do mesmo, como LibreOffice para o intercambio de documentación, programas de deseño gráfico e de edición de vídeo.

- Recursos bibliográficos: publicacións, libros de texto, apuntes, bibliografía suxerida, fotografías, mapas, xornais, revistas, guías didácticas, documentos procedentes de centros e servizos de Integración social e material lexislativo, prensa, artigos de interese, estudos, proxectos...

- Recursos audiovisuais: documentais, películas, cds, dvds, cámara (analóxica e dixital), vídeo dixital, gravadora mp3, etc.

Inmateriais: no campo da Integración Social cobran tanta ou máis importancia que os anteriores. Traballamos coa cultura en todas as súas manifestacións, a música, o teatro, a literatura... hai que contar cunha serie de recursos da cultura popular e da tradición oral: oficios, cantigas, lendas, festas, tradicións... que forman parte do patrimonio da comunidade.

Humanos: para un desenvolvemento óptimo da programación faise necesaria a coordinación co resto do persoal do centro educativo (resto de profesorado do ciclo, membros do propio departamento, persoal do departamento de orientación,...).

Ademais do persoal do centro educativo faise necesaria a colaboración con outras persoas alleas ao mesmo: Profesionais dos Servizos Sociais, para o desenvolvemento das charlas; profesionais doutras institucións e organizacións da contorna ou aquelas ás que se realicen visitas (asociacións, residencias, bibliotecas...); axentes da comunidade, de diferentes colectivos, cos que se conte para a realización dalgunha das actividades propostas (investigacións, recollidas...).

Espaciais: o espazo no que se desenvolverán a maioría das sesións e actividades será a propia aula, definida pola flexibilidade á hora da organización, tanto do propio espazo como do grupo de alumnos/as. Contamos cunha aula e outra aula-obradoiro con disposición en U das mesas e das cadeiras, que crea un espazo sen referencias xerárquicas, fai a aula máis participativa, permite á profesora achegarse ao alumnado mentres expón, serve para cohesionar ao grupo, xa que permite a comunicación entre todos eles/as e consegue así que pasen de ser un grupo de persoas a ser un equipo de traballo.

Ademais da aula contarase con outras instalacións do centro, como a sala de usos múltiples, biblioteca, corredores do centro, aula de videoconferencias e espazos exteriores. Valórase a posibilidade de empregar outras infraestruturas da contorna do centro: teatro, biblioteca, museo, centro cívico, instalacións deportivas,...

Traballo con: materiais tradicionais con soporte de papel como: con soporte diferente a papel: encerado, xogos, materiais achegados e construídos polo alumnado, de refugallo, etc; materiais relacionados coas novas tecnoloxías e os recursos humanos: o profesorado, o grupo da aula e os profesionais visitadas ou que nos visiten durante as ACF.



### 10.3) Plans e proxectos. Traballo coas TIC e fomento da lectura

#### 10.3.1. Contribución ao desenvolvemento das capacidades nas TIC

Na sociedade da información na que actualmente nos atopamos, o uso cada vez máis xeneralizado das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) trae consigo cambios en practicamente todas as actividades realizadas e os seus efectos maniféstanse de xeito moi especial na práctica laboral e no mundo educativo. Neste último é especialmente necesaria a revisión e actualización nos procesos de ensinanza-aprendizaxe, da formación básica, das infraestruturas, dos medios a dispor, da estrutura organizativa dos centros, etc. como queda constancia no proxecto Abalar ofertado dende a Consellería de CEOU. Neste 2017 a CCEOU ten pensado implementar o espazo Abalar a través da dixitalización maior das aulas e a través da comunidade educativa virtual Aqueiro. Co Plan TIC, procuramos estar preparados/as de cara á implantación deste proxecto para que o alumnado adquira sen dificultade a súa competencia dixital.

Dende o módulo de Promoción da Autonomía Persoal propoñemos para apoiar o desenvolvemento do Plan TIC, aprender sobre as TIC, na medida que o meu alumnado o precise, como fonte de información e provedor de recursos didácticos para integralos de xeito progresivo e ademais aprender coas TIC, que estes recursos formen parte da práctica habitual da ensinanza-aprendizaxena totalidade das UD. Metodoloxicamente os novos medios son máis atractivos para o alumnado e acado con eles unha maior interacción, entre eles e comigo, ademais de que facilitan o traballo en grupo na distancia.

Ao longo deste curso 2016-2017 busco afondar no uso das TIC a través da posta en práctica dos procedementos a seguir: incorporo as novas tecnoloxías na aula nalgunhas das exposicións, utilizo o canón e ordenador para o visionado de filmes e documentais, aproveito a utilización das TIC para mellorar a atención á diversidade, elaboramos e mantemos un blog do curso en coordinación cos demais módulos, a aula virtual onde catalogamos os mellores recursos dispoñibles na internet alén dos materiais propios do módulo que sosteñen os contidos conceptuais, o lugar de encontro de opinións e en valores, o espazo común onde compartir información, o vehículo e a canle do avance e progreso do noso coñecemento; utilizámolo para compartir as actividades docentes e para a posta en común das unidades, traballamos en rede e conta cunha sala de lectura onde se colgarán vídeos das alumnas e dos alumnos opinando sobre as súas lecturas, expoñendo e debatendo, ademais utilizo de xeito habitual o correo electrónico como xeito de comunicación e para facilitar ou axilizar o intercambio de información, realizo continuas referencias a páxinas web como recursos para cada UD, incluídas na webgrafía recomendada.

#### 11.3.2. Contribución ao plan lector

Dende o módulo de Promoción da Autonomía Persoal apoiamos o desenvolvemento do Plan Lector do centro e queremos contribuír ao seu éxito co propósito de garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas de cara á súa formación integral como cidadáns e tento favorecer así a adquisición e mellora da competencia comunicación lingüística.

Neste ano 2016 e 2017 podemos contribuír á dinámica de fomento da lectura participando nos programas ofertados dende a Consellería de CEOU a nivel de centro e ou dende a biblioteca do centro escolar. (Convocatoria de 1 de setembro de 2016 relativa á convocatoria de Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no contexto das actuacións para ao fomento da lectura en centros escolares, pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de CEOU, que acollan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional tanto en réxime ordinario como de persoas adultas, ou ensinanzas de réxime especial. Curso 2016/2017).

Dende o módulo as colaboracións concretas ao plan son: en coordinación coa biblioteca, adquirir material bibliográfico para cada UD, co arranque do curso, ás alumnas e aos alumnos ofrézollas unha bibliografía e webgrafía con libros, páxinas web e blogs de lectura recomendada; a medida que avanza o curso amplíooos dando indicacións dalgúns outros en función das novidades editoriais e/ou reparando nas especificidades ou gustos persoais dos discentes ou que polas súas características podan ser de interese para a súa formación, ler diariamente textos en voz alta, comezar cada UD do módulo coa lectura dun poema curto, para a primeira UD a proposta e elección provén da docente e para as seguintes escolle e le o propio alumnado de xeito voluntario; con este convite á lectura busco tamén unha interrelación maior entre as bibliotecas e o alumnado.